

Recollida Equipamento E-Dixgal

“Os estudantes que continuarán no vindeiro curso 2020-21 en niveis do Proxecto E-Dixgal do Centro poderán dispoñer do equipo durante o período estival, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose ao próximo curso co material en perfectas condicións”. (Xestión Equipamento E-Dixgal. AMTEGA).

O **alumnado de 5º que queda co equipo** na casa durante o verán NON ten que entregar nada agora. Segue tendo efecto o “Acordo de Cesión de uso” asinado.

O **alumnado de 5º que NON queda co equipo**, debe entregalo no centro.

Todo o alumnado de 6º debe entregar o equipo no centro.

Protocolo de entrega por mor da situación actual

- Os equipos devolveranse na quenda asignada a cada grupo.
- A entrega no centro farase no **exterior da entrada principal** por parte de UNHA soa persoa responsable do alumno/a.
- O equipamento entregarase **completo** (ordenador, cargador e maletín) e en **perfectas condicións**. No momento da entrega, amosaranse tódolos compoñentes e procederase ó acendido do equipo para comprobar o seu funcionamento.
- Cumprimentarase a acta de entrega e asinarase o “**Documento de Entrega**” por duplicado (copia para o centro e para a familia).

Quendas de entrega

Alumnado de **5º A e B**; venres 19 de xuño de 10:00 a 14:00.

Alumnado de **6º B**; venres 19 de xuño de 10:00 a 14:00.

Alumnado de **6º A**; luns 21 de xuño de 10:00 a 14:00.

Lembrede que para calquera incidencia (tanto durante o curso como no verán) debes contactar co **Servizo Premium** no teléfono 881 86 99 00.